


**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO
DO 3 DE OUTUBRO DE 2013 POLA QUE SE RESOLVE
O PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI
2011-2012 NO CAMPO DE CIENCIAS DA NATUREZA,
DETERMINÁNDOSE A ÁREA E CANDIDATA
SELECCIONADA**



Por acordo do Consello de Goberno do 8 de febreiro de 2012, fíxose pública a Convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI 2011-2012 NO CAMPO DE CIENCIAS DA NATUREZA, DETERMINÁNDOSE A ÁREA E CANDIDATA SELECCIONADA (curso 2011/2012). Con data 9 de maio de 2012, foi publicada a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar nesa convocatoria.

A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu, tal e como establece a convocatoria, os informes de avaliación das persoas candidatas elaborados por unha comisión de expertos externos no marco do convenio subscrito pola Universidade de Vigo e a ACSUG.

Recibidas as alegacións, a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións solicitou da ACSUG a revisión ás cualificacións provisionais. Con data 4 de febreiro de 2013 a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu os novos informes da CGIACA, que, no campo de Ciencias da Natureza, contiñan unha modificación á baixa da puntuación de todas as candidatas no dito campo. Por isto, por Resolución Reitoral do 17 de abril de 2013 acordouse a retroacción do procedemento efectuando a publicación das puntuacións resultantes do informe da CGIACA (publicadas coa resolución de 5 de febreiro de 2013) co carácter de provisionais. Con data 2 de xullo de 2013, esta vicerreitoría recibe os novos informes da CGIACA do Campo de Ciencias da Natureza e con data 3 de xullo de 2013 publícanse as cualificacións definitivas.

Por isto, esta Reitoría, segundo o acordo da COAP de data 3 de outubro de 2013,

RESOLVE:

Determinar que na praza que se recolle no ANEXO I sexa convocada unha praza de Profesor Titular de Universidade ou Profesor Contratado Doutor nas condicións previstas na convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI 2011-2012) a petición da persoa seleccionada no programa, que tamén se indican no ANEXO I.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, os interesados poderán optar por interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á notificación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 4 de outubro de 2013

O REITOR

Por delegación R.R. 11/09/2013

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións



Margarita Estévez Toranzo

ANEXO I

PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI 2011/2012.

AREAS DE COÑECEMENTO E CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS

| Área de coñecemento onde será convocada a praza nas condicións previstas na convocatoria (en orde alfabética) | Candidato/a seleccionado/a que deberá solicitar a saída a concurso da mesma nas condicións previstas na convocatoria |
|---|--|
| ECOLOXÍA | MARÍA CALVIÑO CANCELA |